

RESOLUCIÓN REITORAL DE CONCESIÓN DE BOLSAS ERASMUS+ ESTUDOS AO ALUMNADO SELECCIONADO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS + ESTUDOS PARA O CURSO 2023-24

A Universidade de Vigo publicou a convocatoria e bases que a regulan de prazas, axudas Erasmus+ Estudos e bolsas complementarias para o curso 2023-24 por medio da resolución reitoral de 16 de novembro de 2022. De acordo con esta resolución, que prevé que a concesión das bolsas Erasmus+ se resolverá tras a adxudicación das prazas e logo de publicar o 22 de marzo de 2023 a resolución reitoral coas listas de estudantado con praza adxudicada, en lista de agarda e excluído, esta reitoría

RESOLVE:

Conceder as bolsas Erasmus+ Estudos que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado no marco da convocatoria de prazas Erasmus+ Estudos para o curso 2023-24.

A contía das axudas pode verse modificada polos seguintes motivos:

- Cambio de destino por causas xustificadas
- Financiamento adicional por acreditar a condición de estudante con menos oportunidades
- Financiamento adicional por custos adicionais directamente relacionados coas persoas participantes con menos oportunidades que precisen, por exemplo, ser acompañadas: gastos de viaxe e estadías de acompañantes, etc.
- Financiamento adicional no caso de viaxes ecolóxicas
- Ampliación da estadía:
 - De un cuadrimestre a curso completo: Só terá dereito á axuda completa o alumnado que presente a solicitude no prazo establecido no convenio de subvención.
- Redución da estadía:
 - Se o alumnado percibira o primeiro pago da bolsa e reducise o período de estadía previsto inicialmente, deberá devolver o importe que non corresponda unha vez xustificada a estadía.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño